

*Unha historieta ben narrada é unha miragre de síntese.
Miguelanxo Prado.*

Apuntes e orientacións didácticas.

A actividade que vos propoñemos pode aplicarse a moitos dos aspectos recollidos no Deseño Curricular Base da Educación Plástica e Visual no seu segundo ciclo. Parécenos unha boa oportunidade para tratar tanto os contidos e procedementos propios da área coma, de contado, valores que cremos básicos para todos nós.

A nosa referencia foi en todo momento a **viñeta** ou cartoon dos diarios, **elemento narrativo básico**, onde se conxugan a linguaxe visual e a escrita resultando unha **linguaxe híbrida** fruto da convivencia de texto e imaxe. A través da relación entre texto e debuxo constrúese unha mensaxe complexa, cargada de contido e en moitos casos deliberadamente estética. Esta productiva relación entre as dúas linguaxes ven a facer un paralelismo entre a temática do noso traballo e o desenvolvemento da área.




Aínda que o texto en moitos casos ten toda a intención de formar parte do debuxo, vai a ser o seu significado aplicado biyectivamente á imaxe onde se centre a súa relevancia. Esta dualidade texto-debuxo tíntase en moitos casos dunha **linguaxe propia, de autor**, de corrente. Así, moitos dos creadores beneficianse da irrenunciable conquista das avangardas pictóricas no tratamento gráfico das súas obras.

Se votamos unha ollada á produción gráfica deste xénero é sorprendente a grande riqueza de exemplos comparada cos medios materiais que se usan na súa produción. As viñetas constrúense negro sobre branco, deixando esta bitonalidade amplos espacios para o uso dalgúns dos elementos máis significativos da linguaxe visual: **o punto, a liña e as texturas**.



• O punto.

- Diferencia entre punto visual, gráfico e xeométrico.
- O punto como elemento estrutural.
- O punto como centro de atracción visual.
- Variacións de formas e tamaños dos puntos.
- Concentracións e dispersións.



A liña.

A liña como elemento expresivo definidor.

Tipos de liñas.

Diferencia entre grafismo e trazo.

Valor expresivo da liña.



As texturas. As texturas. As texturas.

As texturas. As texturas. As texturas.

As texturas. As texturas. As texturas.

As texturas visuais. Relación coas táctiles.

A maiores dos contidos apuntados, a actividade é unha boa oportunidade para iniciarse nalgunha técnica. Aproveitando o plantexamento espartano pode introducirse ós alumnos no gravado, mediante tórculo e linoleo, estampados sinxelos, etc., ou ben usando técnicas de uso cotiá, rotuladores, grafos, o bolígrafo, etc., explorando novas posibilidades expresivas, grafismos xeometrizarantes, trazos, etc.. En definitiva, que a limitación dos medios se convirta en estímulo na procura de solucións satisfactorias.